

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

31 de xullo de 2025

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 20:21

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

SECUNDINO GARCÍA CASAL

Secretario:

Olalla Alvarez de Neyra Martinez

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
—	Araceli Bellas Castro	SÍ
—	Jose Manuel Martínez Pérez	SÍ
—	José Luis Hermida Prieto	SÍ
—	Juan Alberto Rivera Franco	SÍ
—	Manuel Beceiro Couce	SÍ
—	Manuel Varela Mecías	SÍ
—	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
—	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
—	María Esther Díaz Vergara	SÍ
—	Raquel Piñeiro López	SÍ
—		



—	SECUNDINO GARCÍA CASAL	SÍ
---	------------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

Resolución:

Ponse a disposición dos Sres. Concelleiros a acta da sesión ordinaria de data 29 de maio de 2025, que se aproba por unanimidade

Expediente 359/2025. POS+ AD2/2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a proposta de resolución PR/2025/135 de 14 de xullo de 2025.

Resolución:

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DE PLENO:

Intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen indica que se trata dun acordo esixido pola Deputación por tratarse da incorporación dunha obra nova neste Plan Provincial que non figuraba no Complementario. Sinala que se trataba de aproveitar o importe preconcedido, duns 27.930€, e cunha aportación municipal, chegar a un orzamento total de 34.550,00 €, sendo que se trata dun investimento de pavimentación en camiños de Santa Mariña e Ferreira.

Don Juan Alberto Rivera, do grupo municipal do PSOE, sinala que non ten nada que obxetar.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, intervén sinalando que para arreglar pistas sempre estarán de acordo.

Sometido a votación o asunto da orde do día, por unanimidade dos membros da Comisión Informativa ditaminase favorablemente para sometemento a acordo Plenario do seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- No BOP nº233 do 03/12/2024 publicáronse as bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”.



2.- Nas citadas bases plantexábase a posibilidade de que fora aprobado o plan POS+ AD2/2025, sendo que foi notificado ao Concello de San Sadurniño a atribución dun importe dentro do mesmo de 209.059,89€.

3.- Na primeira fase deste plan establecíase a posibilidade de incluír investimentos que, á súa vez, foran contidos xa no denominado “plan complementario” dentro do POS+2025, o que foi realizado mediante Decreto 271/2025 de 16/06/2025 por un importe de 181.129,80€

4.- Nesta segunda fase o Concello de San Sadurniño pode incluír investimentos financeiramente sostibles non contemplados no denominado “plan complementario” que requiren da aprobación plenaria.

Por todo o antedito, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, no uso das súas atribucións, ditamina favorablemente e somete ao Pleno da Corporación a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación das obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE solicitado de ductible	Total concello	



<i>TOTAL</i>					
--------------	--	--	--	--	--

<i>Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025</i>	<i>Financiamento dos investimentos</i>				
	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>			<i>Orzamento total</i>
		<i>Acheuga municipal</i>	<i>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</i>	<i>Total concello</i>	
<i>Pavimentación de camiños en Santa Mariña (A Castiñeira, A Esperanza) e Ferreira (As Filgueiras, Santiso)</i>	27.930,09	6.620,50		6.620,50	34.550,59
<i>TOTAL</i>	27.930,09	6.620,50		6.620,50	34.550,59

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

	<i>Concello</i>				
<i>POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>IVE soportado deducible</i>	<i>Total concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)</i>					
<i>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025</i>					
<i>Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025</i>	27.930,09	6.620,50		6.620,50	34.550,59



<i>TOTAL</i>	27.930,09	6.620,50	34.550,59
--------------	-----------	----------	-----------

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. ”

Presenta o asunto da orde do día dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen sinala que se trata da proposta de incorporar unha obra diferente das xa incorporadas a través do POS complementario, a cargo da contía pendente xa outorgada no POS+AD2/2025. Sinala que se trata da Pavimentación de camiños en Santa Mariña do Monte (A Castiñeira e A Esperanza) e en Ferreira (As Filgueiras e Santiso), e que o importe de subvención pendente de atribuír era de 27.930,09€, que máis a aportación municipal de 6.620,50€ da un total de 34.550,59€.

Don Juan Alberto Rivera, do PSOE, sinala que sempre estará a favor de que se amañen estradas.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, manifesta que xa en plenos e comisións anteriores téñense pronunciado a favor de que se amañen estradas, indicando que quedan aínda moitas por amañar.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día, aprobándose por unanimidade dos concelleiros presentes, que son a totalidade, os seguintes acordos:



1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Pavimentación de camiños en Santa Mariña (A Castiñeira, A Esperanza) e Ferreira (As Filgueiras, Santiso)	27.930,0	6.620,50		6.620,50	34.550,59



	9				
TOTAL	27.930,09	6.620,50		6.620,50	34.550,59

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

	Concello				
POS+ ADICIONAL 2/2025 ^{2ª} FASE	Deputación	Concello	IVEsoportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	27.930,09	6.620,50		6.620,50	34.550,59
TOTAL	27.930,09	6.620,50		6.620,50	34.550,59

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

Expediente 405/2025. Elaboración e Aprobación do Orzamento 2025	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a proposta de resolución PR/2025/137 de 22 de xullo de 2025.

Resolución:

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DE PLENO

Intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen sinala que os concelleiros teñen dispoñible a documentación completa, e sen entrar en detalle, quere salientar que o orzamento ten unha previsión de lixeiro incremento dun 5%, ata o importe total de 3.918.154,79€. Indica que existe un aumento do capítulo 1 derivado da actualización salarial e o cumprimento dos acordos da Mesa de Negociación e aplicación da RPT, que respecto do capítulo 2 debe destacar a contención do gasto corrente, o que deriva das decisións adoptadas e das prácticas implementadas, tendentes a absorber dito gasto a través de tarefas de persoal propio e revisión dos contratos existentes. Polo que se refire ao capítulo de transferencias correntes indica que se mantén a práctica conservadora, na liña doutros anos e, finalmente, respecto do capítulo de investimentos quere salientar que existe un aumento que vai relacionado cos ingresos e da exemplo do esforzo en conseguir financiamento para a realización de obras e investimentos de interese e utilidade para os veciños.

Don Juan Alberto Rivera, do grupo municipal do PSOE, indica que lle chama a atención a baixada na previsión de ingresos, respecto das taxas municipais. Dona María Muiño matiza que se trata dunha previsión, que se fai en función da evolución do exercizo anterior e do exercizo presente, e hai que ter en conta que, por exemplo, en materia de licencias de obra existe un periodo de menor actividade, polo que en xeral prefírese actuar con prudencia e que o resultado final sexa positivo que inflar a previsión do orzamento.

Don Juan Alberto Rivera pregunta tamén de quen é a competencia dos servizos sociais de atención primaria. Dona María Muiño sinala que a atención primaria é competencia municipal. Sinala Don Juan Alberto que en ocasións hai certa confusión entre as competencias e a diferenza entre servizo social de base e de atención primaria.

Dona María Muiño explica que o servizo social de base ten financiación a través de dous programas, cales son o Plan Concertado da Xunta e o FOPSS da Deputación, que se refiren principalmente ao



que é a competencia municipal; indica que de este servizo social de base debe extraerse todo o que se refire á Lei de Dependencia, que si é competencia autonómica. Indica que cando se promulga a Lei de dependencia xa existe nos Concellos o servizo de SAF, e como modo menos rupturista decídese naquel momento articular esta prestación da lei de dependencia a través dos servizos municipais.

Don Juan Alberto pregunta se existe unha financiación específica entón para o que se refire á lei de dependencia, pois está claro que hai competencias compartidas ou coincidentes, indicando dona María Muiño que si a hai, pero moi pequena, e que este é o motivo que leva a que exista debate e se estean planteando cousas, xa que os Concellos teñen agora unha presión enorme enriba porque no seu momento conxelouse a aportación estatal a este servizo xa que se necesitaban os fondos para outros fins, como pagar aos bancos, e esa conxelación deixou un desequilibrio importante e lonxe do 50-50 que se pretendía; na pandemia empezou a recuperarse o servizo pero segue existindo desequilibrio.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, pregunta acerca do estado de débeda 2025, xa que observa que existe unha previsión de amortización duns 100.000€ dun préstamo PAI, diferenza entre o estado a 1 de xaneiro e a 31 de decembro. A Secretaria-Interventora indica que se trata do POS+ AD3/2025, xa aprobado definitivamente, liña a través da que a Deputación permite ir amortizando estes préstamos.

Dona Belén Trigo pregunta tamén sobre a plantilla de persoal que se aproba, indicando que no documento figura unha dotación de 1 praza en SAF do 80% da xornada cando no desglose figuran 9 prazas ocupadas e 4 vacantes. A Secretaria-Interventora comproba o documento e informa que se trata dun erro material en que non se chegou a poñer a segunda cifra, figurando “1” en lugar de “13”, pero que será corregido.

Dona Belén Trigo pregunta tamén pola existencia de dúas prazas de operario de maquinaria, indicándoselle que se trata da previsión da praza creada para cobertura por promoción interna, existindo unha a extinguir que se amortiza coa cobertura da outra.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día, ditaminándose favorablemente por 3 votos a favor do grupo municipal do BNG e 2 abstencións dos grupos municipais PP e PSOE a seguinte proposta de acordo para o Pleno da Corporación:

“Considerando que pola Alcaldía se incoou expediente para a aprobación do orzamento municipal do exercicio 2025.

Considerando que se emitiu informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que se informa pola Intervención sobre a aprobación do orzamento municipal e informe de control permanente previo sobre o cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade.

Esta Comisión Informativa de Asuntos do Pleno ditamina favorable para o sometemento ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS



PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2025, xunto coas súas Bases de Execución, mantendo vixentes as modificacións realizadas sobre o orzamento prorrogado, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.899.404,79
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	3.115.828,04
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	1.474.058,79
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	1.453.724,25
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	2.500,00
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	185.545,00
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	783.576,75
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	783.576,75
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	18.750,00
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	18.750,00
TOTAL:	3.918.154,79

ESTADO DE INGRESOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.918.154,79
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	3.325.356,49
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	778.000,00
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	35.500,00
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	393.700,00
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	2.108.156,49
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	10.000,00
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	592.798,30
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	0,00
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	592.798,30
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00



TOTAL:

3.918.154,79

SEGUNDO. *Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.*

TERCEIRO. *Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2025, as Bases de Execución e demais documentación aprobada, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.*

CUARTO. *Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.*

QUINTO. *Remitir copia á Administración do Estado, así como á da Comunidade Autónoma nos termos por elas indicados.*

Toma a palabra dona María Muíño, voceira do grupo municipal do BNG, quen sinala que a contía do orzamento, tanto en ingresos como en gastos, ascende a 3.918.154,79€, o que supón aproximadamente un 5% máis co do ano anterior.

Indica, pola parte do gasto, que existe un incremento pero prima a prudencia e a responsabilidade na orzamentación, así como na parte dos ingresos a tendencia conservadora, garantindo en todo caso manter as accións estratéxicas do equipo de goberno.

Pormenoriza, no capítulo 1 de persoal, que o incremento débese fundamentalmente ás actualizacións salariais e aos acordos adoptados na modificación da RPT para mellorar as condicións retributivas do persoal e dotar dunha estrutura adecuada ao Concello nesta cuestión. Indica, asimesmo, que este capítulo 1 reflicte a prioridade do equipo de goberno de prestar servizos dende a proximidade e de xeito directo.

Polo que se refire ao capítulo 2, indica que existe un aforro en parte imputable ao aforro enerxético debido aos investimentos realizados neste sistema, así como un aforro derivado da minoración de gasto externo ao apostar pola prestación directa polo persoal municipal e a racionalización da contratación externa.

Indica que débese salientar o esforzo especialmente no referente a gasto social, por manter un servizo público de prestación directa no SAF e en políticas de igualdade.

Pola banda dos ingresos existe un lixeiro descenso de previsión nos capítulos 1, 2 e 3, o que ven dado ao tomar como referencia a liquidación anterior e por un criterio de prudencia.

Sinala, respecto do esforzo en gasto social e investimento, que lle gustaría reivindicar unha maior sensibilidade e compromiso doutras administracións coa administración local. Neste punto, sinala, o Fondo de cooperación local atópase conxelado dende hai anos, existe unha precaria financiación do sistema de dependencia, dos servizos sociais en xeral, porque entende que o esquema dos servizos básicos xa non están adaptados á realidade. Indica que o Concello asume con fondos propios este lastre, e que se non existira este compromiso e esforzo por parte da entidade local, as contas serían moi distintas.

Pola banda dos investimentos reais, sinala, pódese observar na previsión de ingresos unha comparativa en función da administración subvencionadora. Así, sinala, dos 592.798,30€ do capítulo 7 de ingresos, 413.137,28€ corresponden á Deputación Provincial e 177.661,02€ á Xunta de Galicia,



dos que parte son subvencións en concorrencia competitiva que non están garantidos a priori nin obedecen a criterios obxectivos de reparto.

Finalmente indica que os orzamentos reflexan tamén o compromiso do equipo de goberno coas entidades municipais e coa cultura en xeral.

Don Juan Alberto Rivera, do PSOE, inicia a súa intervención recoñecendo o tempo e esforzo do persoal que elabora e asesora na formación da documentación. Indica que estiman suficientemente equilibrados os orzamentos e consideran que tal vez o descenso de previsión dos capítulos 1 a 3 de ingresos poida estar relacionado co descenso de poboación. Finaliza sinalando que rogaría que as administracións que aportan o fagan ao 100%.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, intervéen sinalando que, na súa opinión, os orzamentos son máis ou menos unha copia dos do ano anterior, con subas nalgúns puntos e baixas noutros. Sinala que, efectivamente, os investimentos suben, as becas mantéñense igual. Indica que o equipo de goberno ten maioría absoluta, suficiente para a aprobación dos orzamentos que propoñen, e polo tanto o seu grupo manterase na abstención.

Intervén don Secundino García, alcalde, para indicar a D. Juan Alberto Rivera que o descenso de previsión non está relacionado co descenso de poboación, senón que, por exemplo, no caso do capítulo 2 orzáméntase en función da previsión das licencias de obra que se teñan previstas e no ano pasado existían dúas solicitudes de importe de ICIO moi grandes, e no capítulo 3 ten bastante incidencia a taxa do 1,5% das eléctricas, influindo a este respecto dende o consumo da xente ata a facturación, que é un capítulo moi voluble.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día, aprobándose por 7 votos a favor do grupo municipal do BNG e 4 abstencións dos grupos municipais do PP e PSOE os seguintes acordos plenarios:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2025, xunto coas súas Bases de Execución, mantendo vixentes as modificacións realizadas sobre o orzamento prorrogado, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.899.404,79
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	3.115.828,04
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	1.474.058,79
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	1.453.724,25
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	2.500,00
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	185.545,00
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	783.576,75
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	783.576,75
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00



B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	18.750,00
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	18.750,00
TOTAL:	3.918.154,79

ESTADO DE INGRESOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.918.154,79
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	3.325.356,49
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	778.000,00
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	35.500,00
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	393.700,00
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	2.108.156,49
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	10.000,00
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	592.798,30
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	0,00
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	592.798,30
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL:	3.918.154,79

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2025, as Bases de Execución e demais documentación aprobada, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como á da Comunidade Autónoma nos termos por elas indicados.

Expediente 399/2025. Festivos locais 2026	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento



Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a proposta de resoluci3n PR/2025/119 de 27 de xu3no de 2025.

Resoluci3n:

Considerando o informe de Secretar3a en relaci3n co procedemento e a Lexislaci3n aplicable para a proposta de d3as de festas locais.

Considerando devandito informe, realizada a tramitaci3n legalmente establecida e vista a competencia do Pleno en virtude do establecido no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, sobre regulaci3n da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, sen producirse intervenci3ns, ditaminado favorablemente por unanimidade dos membros da Comisi3n Informativa de Asuntos do Pleno, o Pleno da Corporaci3n, sen producirse intervenci3ns e por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Propor que se determinen como inh3biles para o traballo, retribuidos e non recuperables, no ano 2026, co car3cter de festas locais, os d3as:

- 17 de febreiro: martes de Entroido
- 2 de xullo: festividade tradicional de Santa Isabel

SEGUNDO. Remitir a proposta a autoridade laboral auton3mica competente para a s3a aprobaci3n e publicaci3n.

Declaraci3n Institucional Uxindo acci3ns para frear o xenocidio en curso na Palestina	
Favorable	Tipo de votaci3n: Unanimidade/Asentimento

Resoluci3n:

Por Dona Mar3a Mui3o, voceira do grupo municipal do BNG, sin3lase que o texto da declaraci3n institucional foi acordado en xunta de voceiros trala Comisi3n Informativa, salientando a existencia de acordo, a altura de miras e o compromiso co marco de defensa de dereitos humanos e de xustiza 3 hora de comprometerse toda a Corporaci3n con este texto. Sinala que se plantexou que somos un pequeno lugar no mundo moi lonxe de onde ocorre este xenocidio, en Gaza, pero que a Corporaci3n te3a este xesto de forma conxunta 3 algo importante.

Dase lectura da declaraci3n institucional que se aproba por unanimidade do Pleno da Corporaci3n:

EXPOSICI3N DE MOTIVOS:

“Petici3n urxente de axuda: Estamos morrendo. Os bombardeos israel3s son implacables. As v3ctimas son as mulleres e os nenos. Non quedan lugares seguros. Sen comida, sen auga: a fame est3 espall3ndose rapidamente. Esta guerra en Gaza debe rematar. Por favor, fagamos que as nosas voces se escoiten antes de que o pr3ximo ataque a3reo nos silencie”.



Esta é a publicación realizada o 19 de maio polo xornalista Anas Al-Sharif desde Jabalia, acompañada dunha foto dunha crianza palestina chorando de desesperación.

Non podemos ficar indiferentes diante do alcance e consecuencias do xenocidio que está a desenvolver o Goberno de Israel contra a poboación palestina na faixa de Gaza.

As accións deste goberno xa provocaron máis de 52.259 mortes das que máis de 15 mil foron nenos e nenas, 117.416 persoas feridas e case 2 millóns desprazadas á forza, o que ven representar o 90% da poboación.

O bloqueo imposto por Israel, non só impide o acceso de axuda humanitaria, senón que provoca deliberadamente escaseza de alimentos e produtos esenciais para a subsistencia. Os ataques destruíron vivendas e infraestruturas esenciais.

Unha agresión xenocida contra o pobo palestino que supón un claro crime contra a humanidade de acordo ao Dereito internacional. Os bombardeos masivos (mesmo contra hospitais, convois de ambulancias, universidades ou campos de refuxiados), os cortes de subministrados básicos como a luz, a auga potábel ou alimentos e medicamentos, ou o bloqueo no acceso de axuda humanitaria, en ningún caso poden ser entendidos como mecanismos de “lexítima defensa”. Son elementos dunha política de asedio xenocida que agravan a xa de por si durísima situación provocada polo bloqueo imposto á franxa de Gaza desde 2007 que levou á ONU a considerar as condicións nese territorio como “impropias para sustentar vida humana”.

A absoluta prioridade é lograr un cesar-o-fogo inmediato e incondicional dos ataques ordenados polo goberno israelí contra a faixa de Gaza, así como a urxente apertura de corredores humanitarios seguros para poder asistir á poboación palestina.

Cómpre, ademais, iniciar un proceso de negociación política con respaldo internacional para procurar unha saída pacífica, xusta e estábel neste conflito que se basee no cumprimento das resolucións das Nacións Unidas.

Neste sentido, é necesario abordar esta escalada no contexto do seu conflito histórico, no que Palestina sofre 77 anos de brutal ocupación baixo un sistema de auténtico apartheid, no que Israel incumpriu de forma reiterada e impune as resolucións da ONU (tanto da súa Asemblea Xeral como do seu Consello de Seguridade). Ao longo destas décadas Israel, non só impediu a existencia dun Estado palestino senón que ocupou os seus territorios (aproximadamente o 70% do territorio palestino desde 1948) mediante asentamentos de colonos -declarados ilegais segundo a resolución 2334 do Consello de Seguridade da ONU-, someteu a súa poboación a todo tipo de vexacións e maltratos, asasinou a dirixentes palestinos, meteu na cárcere a centos de persoas de xeito extraxudicial, levantou un muro da vergoña (declarado tamén ilegal), lanzou ataques que se saldaron con milleiros de persoas mortas e feridas e impuxo un brutal bloqueo á faixa de Gaza.

As Convencións de Xenebra de 1949 e os seus Protocolos Adicionais obrigan aos Estados a previr e sancionar o xenocidio e os crimes de guerra. Informes de organismos como a ONU documentan que Israel cometeu actos que poden cualificarse como xenocidio en Gaza, incluíndo ataques indiscriminados contra civís, bloqueo humanitario e desprazamento forzado.

Ademais, o Tribunal Penal Internacional emitiu ordes de arresto contra altos cargos israelís por presuntos crimes de guerra e contra a humanidade, e a Corte Internacional de Xustiza está a tramitar a denuncia contra o Estado de Israel por cargos de xenocidio polas súas accións na Faixa de Gaza.

É hora de que a denominada Comunidade Internacional actúe para poñer fin ao masacre contra o pobo palestino e facer cumprir a Israel as distintas resolucións sobre os territorios ocupados que de xeito



sistemático vén incumprindo (sen ningunha consecuencia) e garantir o dereito do pobo palestino a dispor do seu propio Estado libre e soberano, así como a efectivización do dereito ao retorno das e dos refuxiados palestinos ao seu país. Con ese obxectivo deben actuar o conxunto de institucións e administracións, tamén a nivel municipal, despregando accións concretas e firmes.

Por todo o anterior, a corporación municipal de San Sadurni de Noya quere:

1.Expresar o seu total rexeitamento e condena das accións xenocidas do Estado de Israel na faixa de Gaza e a demanda de paz e liberdade para o pobo palestino, esixindo o cumprimento das resolucións da ONU e do Dereito Internacional Humanitario e garantindo o seu dereito a dispor do seu propio Estado libre e soberano.

2.Declarar persona non grata a Benjamin Netanyahu e a todas as persoas que fan e/ou fixeron parte do seu gabinete goberamental desde o 7 de outubro de 2023, pola súa responsabilidade na catástrofe humanitaria provocada en Palestina.

3.Instalar ao Goberno español a:

-Efectivizar o embargo total de armas, acordado polo Congreso, contra o Estado de Israel e aplicar de maneira estrita os tratados e convencións ratificadas polo Estado español para garantir o Dereito Internacional Humanitario.

-Aplicar a inmediata suspensión ou bloqueo de calquera tipo de relación comercial e a ruptura de relacións diplomáticas co Estado xenocida, así como a apoiar de maneira activa as accións da Corte Internacional de Xustiza para que sexan xulgados os criminais de guerra e se poña fin á ocupación da Palestina.

-Promover no seo da Unión Europea e a nivel internacional accións enérxicas para frear o xenocidio en curso na Palestina.

4.Instalar á Xunta de Galicia a:

-Suspender calquera cooperación, directa ou indirecta e en calquera ámbito, co Goberno de Israel ou entidades dependentes deste.

-Despregar no ámbito da Acción Exterior unha ofensiva para denunciar o xenocidio en curso en Gaza

-Suspender de maneira inmediata e resolver todos os contratos públicos da Xunta de Galicia e os seus organismos e entidades dependentes con calquera empresa ligada, directa ou indirectamente, á industria militar e de defensa de Israel.

-Colaborar no envío de axuda humanitaria para a atención da poboación palestina.

5. Comprometerse como entidade local:

-Colaborar no envío de axuda humanitaria para a atención da poboación palestina.

Moción para a defensa do sistema público de atención á dependencia e a mellora do servizo de



axuda no fogar (SAF)	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Resolución:

Toma a palabra dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, presentador da moción, quen sinala que se trata dunha moción referida á xestión e financiación do sistema de dependencia en Galicia e procede á súa lectura:

MOCIÓN PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA E A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de San Sadurniño, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema público de atención á dependencia en Galiza está a sufrir un preocupante proceso de desmantelamento, como vén denunciando insistentemente o BNG no Parlamento galego. Lonxe de garantir os dereitos das persoas dependentes, a política da Xunta de Galiza —baixo o Goberno do Partido Popular— está centrada nun modelo asistencialista e privatizador que empobrece o servizo público e devolve os coidados ao ámbito doméstico, recaendo maioritariamente sobre as mulleres.

Na actualidade, máis de 2.000 persoas en Galiza agardan pola valoración da dependencia, duplicando o tempo que marca a propia Lei de Dependencia. A media de espera sitíase nos 361 días, o que fai de Galiza a cuarta comunidade co maior atraso para acceder ás prestacións.

Ademais, Galiza é o territorio que menos inviste por persoa dependente: 1.317 euros ao ano, fronte aos case 2.000 da media estatal e moi lonxe dos 2.900 euros que inviste o Goberno vasco. Este infra-investimento tradúcese en recortes de servizos esenciais, substituídos por axudas precarias que non garanten o dereito das persoas maiores e dependentes. No primeiro semestre de 2025, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) perdeu 1.026 persoas usuarias, e os centros de día, case 3.000. Mentres, as axudas asistencialistas incrementáronse en máis de 6.000, cunhas cantidades que non superan os 406 euros mensuais, menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional.

O recorte orzamentario destinado ao SAF é especialmente grave. Só nos últimos dous meses, a Xunta retirou 17 millóns de euros deste servizo: 12 millóns en xuño e 5 en maio. O SAF está ao bordo do colapso por falta de financiamento, como veñen denunciando os concellos, a FEGAMP e o propio BNG. No último Pleno do Parlamento, o Partido Popular votou en contra da proposta do BNG para elevar o financiamento do SAF até os 20 euros por hora, unha medida fundamental non só para garantir unha atención digna ás persoas usuarias e unhas condicións laborais xustas para as traballadoras, senón tamén para aliviar a carga económica que os concellos están a asumir por unha competencia que lles é impropia e que a Xunta non financia de maneira responsábel nin suficiente.



Por primeira vez, hai máis persoas dependentes en Galiza pagando unha residencia privada que ocupando unha praza pública ou concertada. Máis de 7.400 persoas reciben unha axuda de entre 361 e 420 euros ao mes, mentres o custo medio dunha residencia supera os 2.000 euros. Isto facilita que empresas privadas absorban as axudas públicas e incrementen os prezos, vulnerando un dereito fundamental. O modelo do Partido Popular persegue dous obxectivos: devolver os coidados ao fogar e que os asuman, de novo, as mulleres. Segundo datos da propia Xunta, o 82% das persoas coidadoras no domicilio son mulleres que, en moitos casos, teñen que renunciar á súa vida laboral para atender familiares dependentes.

Fronte a estas políticas regresivas, o BNG reafirma o seu compromiso cun sistema público de coidados que garanta unha vellez digna e os dereitos das persoas dependentes, como parte fundamental do estado do benestar.

Ante esta situación, é imprescindible que o Pleno desta Corporación se posicione en defensa do sistema público de atención á dependencia e esixa á Xunta de Galiza un cambio radical nas súas políticas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1. Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.*
- 2. Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.*
- 3. Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.*
- 4. Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.*
- 5. Manifestar o compromiso do Concello de San Sadurniño coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.*
- 6. Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.*

Don Juan Alberto Rivera, do PSOE, sinala que a súa formación aboga sempre pola xestión pública da Axuda no Fogar e da dependencia, considerando como unha anomalía o feito de que máis do 50% da poboación opte por residencias privadas, indican que fan súa esta reclamación para revertir a situación inxusta existente, xa que a situación socioeconómica de Galicia fai pensar en que esta prestación cada vez vai ser máis necesaria, e considera que as administracións deberían tomarse máis en serio este



piar fundamental do Estado de Benestar. Sinala que o goberno de España presentou o pasado día 15 unha modificación da Lei de dependencia para prestar máis recursos e financiación, de forma que sería desexable que esta moción fose aprobada por todos os grupos.

Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, indica que a prestación do SAF é unha competencia municipal, pero que está de acordo en que debería existir unha financiación ao 50% entre a Xunta e o Estado. Indica que están de acordo en que hai que mellorar, débese acadar ese 50%, pero por parte de ambas administracións, non só a Xunta de Galicia.

Indica que celebra o compromiso do Concello de San Sadurniño en defensa do sistema público de dependencia, pois como voceira é coñecedora de que hai tempo traballouse cunha empresa privada, que logo deixou de facerse e se apostou por dar traballo á xente do pobo.

Afirma que o SAF ten que mellorar na súa financiación, e destaca que a Xunta aumentou un 8% o orzamento para esta finalidade nos orzamentos deste ano, aínda que non dubida que é posible que faga falta máis. Bota de menos o compromiso do Concello neste sentido e considera que tamén debe mellorarse a xestión pola parte municipal, polo que anuncia que a súa formación vaise abster.

Dona María Muiño toma a palabra indicando que vai tratar de ser rigurosa e pedagóxica. Afirma que o SAF nunca estivo privatizado, senón que existiu un reforzo ao SAF por medio de empresa externa, pero que eso non é privatizar o servizo. Plantexa que esta afirmación por parte da concelleira do PP ven dada por unha escola de demagogia partidista. O SAF, indica, sempre se prestou de forma pública e por xestión directa. Indica que o contido da moción é obxectivo e certo, tanto que nin sequera é algo exclusivo do BNG, senon que se está a solicitar por todos os Concellos, o servizo é insostible, afoga economicamente aos Concellos, e moitos, ante a imposibilidade de dotar máis fondos no Capítulo 1, polos límites orzamentarios existentes, vense obrigados a acudir ao Capítulo 2 por necesidade, polo que nin sequera poden elixir o tipo de prestación, existindo incluso casos de Concellos que se ven obrigados a deixar de prestar porque a financiación do servizo é unha estafa.

Sinala que a dependencia é unha competencia toda da Xunta de Galicia, o Concello ten competencia sobre os servizos sociais de base e a libre concorrência, pero a Xunta de Galicia paga a 12€ a hora traballada, non paga nada polo tempo de transporte, o 50% da Xunta o están pagando os Concellos de Galicia.

Dona Belén Trigo sinala que existe unha aportación do usuario.

Dona María Muiño resposta que ao mellor tería que plantexarse o ránking no que se atopan as pensións de Galicia. Indica que, á hora da verdade, son os veciños de San Sadurniño os que pagan o 50% do servizo. Plantexa que non entende como poden absterse nesta importante cuestión. Remarca que esta moción é un compromiso con todos os vellos e usuarios de calquera concello, e plantexa se é admisible que este servizo deba depender da capacidade económica do usuario e do Concello de turno.

Indica que si existe diñeiro para cheques pero non para pagar a 20€ a hora do SAF, que o servizo está tan mal financiado que está reventando. Comenta que hoxe mesmo chamaron doutro Concello pedindo auxiliares de SAF para o seu servizo municipal.

Indica tamén que os servizos sociais están sostidos por xente formada e profesional, non é unha cuestión de caridade, é un dereito que se xenerou no seu momento e hai que sostelo, considerando que non se pode deixar a cuestións de quen o pode pagar nin deixar agora aos pes dos cabalos aos usuarios do rural, e por iso é importante a moción, porque pide pola dignidade dos nosos vellos e vellas.



Don Secundino García, alcalde, intervén indicando que suscribe ao cen por cen as palabras da voceira do BNG, pero que entende que hai cousas que ditas nun pleno non poden quedar sen contestar. Sinala que quere deixar claro que o SAF de dependencia non é unha competencia municipal. Asemade, sinala que por parte da voceira do grupo municipal do PP plantexouse que se debería xestionar mellor o SAF dende o Concello, e respecto desta afirmación quere deixar claro que o SAF o xestionan profesionais moi competentes, considerando que é grave cuestionar a profesionalidade dos técnicos municipais. Incide en que o SAF o xestiona a Traballadora Social e reitera a satisfacción co seu traballo e a súa profesionalidade.

Considera que aínda que se afirmou que a Xunta aumentou a financiación do servizo, non é a realidade, pois os Concellos seguen recibindo 12€ por cada hora prestada, prezo que se mantén dende hai dez anos. Indica que o Estado transfere á Xunta un importe, respecto do que o BNG ven denunciando dende hai anos a infrafinanciación da Xunta, pero esta contía é global para dependencia, centros, discapacidade... e é a Xunta a que decide qué parte dese importe vai destinado ao SAF, sendo que está a apostar por destinalo a cheques, que é un modelo de precarización, que llo pode preguntar a dona Micaela.

Recalca que pode repetir mil veces que o SAF é municipal ou que os políticos xestionan o SAF, pero mil veces será mentira.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación a moción, aprobándose por 8 votos a favor dos grupos municipais BNG e PSOE e 3 abstencións do grupo municipal PP os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.
2. Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.
3. Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.
4. Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.
5. Manifestar o compromiso do Concello de San Sadurniño coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.
6. Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta remisión información órganos externos: execución trimestral 2T2025 e PMP 2T2025



Non se producen intervencións

Dación de conta Decretos 238/2025 a 349/2025

Non se producen intervencións

C) ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas

Intervén don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, quen pregunta acerca da existencia de queixas sobre a Casa Rural Outeiro, sobre molestias de ruidos, que lle comentaron que ás veces incluso ás catro da mañá existe moito ruído. Pregunta se se pode facer algo.

Don Secundino García, alcalde, resposta que calquera alteración de orde público, neste inmovible ou en calquera, debe poñerse en coñecemento das forzas de orde público.

Don Jose Luis Hermida pregunta se existe unha hora de apertura e peche.

Don Secundino García indica que é un aluguer turístico, polo que a estes efectos é o mesmo que unha casa, alúgase sen persoal.

Don Jose Luis Hermida pregunta se existe normativa ao respecto.

Don Secundino García resposta que se trata dun aluguer dunha casa, e que o Concello nese punto ten que actuar como en calquera vivenda, en primeiro lugar terá que ter coñecemento exacto de que existan eses ruidos fora do normal, que non sexan uns nenos pola tarde na piscina, por exemplo. E que ese coñecemento exacto dase pola chamada ás forzas de seguridade, nese inmovible ou en calquera.

Dona María Muiño, voceira do grupo municipal BNG intervén indicando que non se ten coñecemento de que existan oficialmente esas molestias fora de hora, xa que os concelleiros non poden estar pegados a todos os sitios, pero que como calquera establecemento ou domicilio ten que gardar as normas de convivencia xerais, e que o incumprimento destas normas se constata nun atestado da Garda Civil, que é a autoridade; o Concello non pode actuar sen máis, ten que ter un atestado, e non o hai.

Don Jose Luis Hermida, do grupo municipal PP, pregunta se se vai facer o homenaxe a Manuel Seco, se se quere facer, xa que leva oito meses plantexando esta cuestión.

Don Secundino García, alcalde, resposta que se está traballando niso e buscando a fórmula a través da que facelo.

Dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, roga que se corte unha pola que está enriba do Lavadoiro de Lamas, xa que ten perigo de caída.

Don Secundino García, alcalde, solicita que aclare cal dos dous é, indicando dona Belén Trigo que se trata do de Chao de Lamas.

Indica don Secundino García que ese lavadoiro foi limpadado o ano pasado.

Dona Belén Trigo indica que trátase dunha pola bastante grande que se remata caendo pode facer



desperfectos.

Don Secundino García indica que se revisará e se retirará se é necesario. Roga á concelleira que cando fale de bens municipais non se dirixa ao equipo municipal en segunda persoa do plural, “tedes”, xa que os bens non son do equipo municipal, senón de todos.

Dona Belén Trigo indica que se refire así porque o equipo de goberno é o que xestiona e decide.

Don Secundino García finaliza dicindo que se revisará e que os bens son de todos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

